

**GAIÁS**  
CIDADE DA  
CULTURA



**100**  
CAMILO  
JOSE  
CELA  
1916 > 2016

# CAMILO JOSÉ CELA


1916 > 2016

O centenario  
dun Nobel

Un libro e toda a soidade

EXPOSICIÓN  
18 nov 2016 – 19 feb 2017  
Museo Centro Gaiás  
Gaiás – Cidade da Cultura

**PROGRAMA  
DIDÁCTICO**



Xornada no día de ingreso  
de CJC na Real Academia  
Española 26.V. 1957.  
*Jornada en el día de ingreso  
de CJC en la Real Academia  
Española 26.V. 1957.*

# Programa didáctico 'Camilo José Cela 1916-2016. O centenario dun Nobel. Un libro e toda a soidade'

Camilo José Cela (Padrón, 1916 – Madrid, 2002) é unha das figuras centrais das letras hispanas. Recoñecido pola súa persoal voz como novelista, o autor padronés cultivou practicamente todos os xéneros literarios, sendo ademais un activo editor que publicou textos de moitos outros autores. O seu papel como renovador do relato literario de mediados do século XX foille recoñecido coa concesión do Premio Nobel de Literatura no 1989, sendo o único galego en gañar a máis alta distinción cultural internacional.

A exposición *Camilo José Cela 1916-2016. O centenario dun Nobel. Un libro e toda a soidade*, que abrirá as súas portas no Museo Centro Gaiás o vindeiro 18 de novembro, supón unha oportunidade única para que a comunidade educativa se poida achegar a coñecer a persoal figura do Premio Nobel galego e as ricas arestas da súa creación literaria.



## OBXECTIVOS:

- Dar a coñecer a figura multidisciplinar de Camilo José Cela, non só como escritor, senón tamén como editor, xornalista, ensaísta e académico.
- Comprender o contexto histórico no que Cela desenvolveu a súa actividade literaria como ferramenta para entender a súa persoal voz como escritor.
- Reflexionar de xeito activo sobre a creación literaria e os seus mecanismos, experimentando a creatividade a través da escritura.
- Dar a coñecer os procesos de custodia e transmisión do patrimonio literario e bibliográfico en Galicia.
- Incentivar a lectura a través dunha relación directa co texto e a creación escrita, así como coa figura do escritor.

## METODOLOXÍA:

- Visita didáctica, nun percorrido discursivo adaptado aos diferentes niveis educativos, para coñecer a mostra e os seus contidos.
- Actividade complementaria sobre a creación literaria, adaptada ao nivel educativo dos estudantes, que permita a participación activa para a fixación de conceptos.

Todas as actividades teñen unha duración recomendada de 90 minutos. Por debaixo desta duración o persoal educativo non pode garantir o desenvolvemento completo das actividades.

Ofértase aos docentes a posibilidade de efectuar unha visita previa á mostra para unha mellor preparación da actividade. Sempre que sexa posible, recoméndase esta visita previa co persoal educativo da Cidade da Cultura como procedemento óptimo para a preparación e desenvolvemento das actividades.

# ACTIVIDADES

## Visita Nobel

(Todos os niveis educativos)

### Visita comentada.

Ademais da visita á exposición *Camilo José Cela 1916-2016. O centenario dun Nobel. Un libro e toda a soidade*, os grupos poderán acceder, de xeito exclusivo, aos depósitos da Biblioteca de Galicia, onde se custodia o patrimonio literario galego. A visita a este espazo, pechado ao público, irá acompañada de explicacións sobre os procesos que se levan a cabo na institución para descubrir o valioso legado bibliográfico que atesouran as instalacións do Gaiás. Xunto coa visita á mostra sobre Cela, este formato de visita permite aos estudantes seguir todo o proceso literario, dende a creación ata a conservación cara a posteridade.

## Cóntame un conto

(Todos os niveis educativos)

### Visita con obradoiro.


Aproveitando que o mundo da literatura vai tomar o Gaiás durante os próximos meses, involucraremos aos grupos educativos non só nos hábitos de lectura, senón tamén na creación literaria. Amosarémolles as ferramentas básicas para diferentes procesos, creación de personaxes, estrutura narrativa, etc... De xeito que sexan aplicables tanto no eido da literatura como noutros campos coma no cine, nas series de televisión, na novela gráfica ou nos videoxogos.

## Celaclub

(Secundaria, Bacharelato e adultos)

### Visita comentada, complementada con textos.

A partires dunha escolma de textos do Premio Nobel, a visita á exposición desenvolverase de xeito activo coa participación dos alumnos, coma se dun pequeno club de lectura se tratase. Deste xeito, poñeremos en paralelo a vida persoal de Cela con mostras escolleitas da súa creación literaria, facilitando a comprensión da súa figura literaria.



# INFORMACIÓN PRÁCTICA

- **Do 22 de novembro de 2016 ao 17 de febreiro de 2017**
- De martes a venres, de 10:00 a 19:00 horas
- Grupos recomendados de 50 estudantes (consultar dispoñibilidade para grupos maiores)
- Entrada e actividades de balde
- Duración: 90 minutos

Para un correcto desenvolvemento das actividades, pégase puntualidade.

Información e reservas  
[visitasdidacticas@cidadedacultura.org](mailto:visitasdidacticas@cidadedacultura.org)


No correo de solicitude da visita deberá indicarse:

- Data da visita
- Horario e actividade escollida
- Centro e nivel educativo
- Número de estudantes e docentes que os acompañen
- Persoa responsable do grupo e móbil de contacto
- Observacións ou necesidades especiais

As quedas de visita serán asignadas segundo dispoñibilidade e por estricta orde de recepción da solicitude. Remitiráselle ao centro unha confirmación da visita.

As reservas deben facerse sempre por escrito a través do correo antes indicado, con independencia de calquer outra comunicación verbal ou telefónica.

Para máis información:  
881 99 75 70 / 881 99 75 84



ORGANIZA



FUNDACIÓN  
CIDADE  
DA CULTURA  
DE GALICIA



XUNTA  
DE GALICIA

COLABORA

AC/E  
ACCIÓN CULTURAL  
ESPAÑOLA

